

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DO DÍA 20 DE AGOSTO DE 2020

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Rogos do PP presentados oralmente

1º Presentado con antelación suficiente (29 de xullo de 2020) por este Grupo Municipal Popular, escrito no que se solicitaba a celebración ordinaria das sesión de órganos colexiados durante o presente mes de agosto, non tendo sido contestado nin en tempo nin en forma, dende o Grupo Municipal Popular se interesa que, en supostos similares, se conteste formalmente e con antelación suficiente aos escritos presentados.

2º Á vista dos rebrotes da pandemia do COVID-19 que neste mes de agosto se produciron na área sanitaria da Coruña e, dentro dela, no municipio de Cambre, e ante a posibilidade de que se reproduzan medidas de limitación da mobilidade e incluso de confinamento da poboación, dende o Grupo Municipal Popular se interesa que se adopten as medidas oportunas para que, no caso de ser necesario, se poidan celebrar regularmente sesións telemáticas dos órganos colexiados do noso concello.

O señor presidente, don Juan González Leirós, manifesta que estes rogos serán contestados por escrito.

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ, EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE

Rogos do PP presentados oralmente

1º Á vista do peche dunha das pontes existentes sobre o río Brexa, na pista Brexo-O Vilar, na parroquia de Bribes, dende o Grupo Municipal Popular, interésase que se arranxen os problemas existentes de forma que poida ser aberta ao tránsito.

2º Ante numerosas queixas veciñais sobre o funcionamento dos dispensadores públicos de hidroxel, colocados polo concello en diversos lugares do noso municipio, dende o Grupo Municipal Popular se interesa que se leve a cabo o seu mantemento e subministración periódica.

3º Á vista da gravidade dos feitos, das manifestacións realizadas tanto polo señor alcalde de Cambre como polos concelleiros de Medio Ambiente e Mobilidade, así como de Urbanismo no último pleno ordinario, das competencias municipais en materia de medio ambiente e da protección da salubridade pública, transcorrido máis de mes e medio dende o vertido presuntamente ilegal de áridos na ría do Burgo, máis de 20 días dende o requirimento de información e solicitudes de actuación manifestadas polo Grupo Municipal Popular no último pleno ordinario do pasado mes de xullo e non tendo tampouco contestado o escrito que sobre o particular foi presentado por este grupo municipal; dende o Grupo Municipal Popular se interesa que, á maior brevidade posible, se conteste por escrito a todos os extremos solicitados no dito escrito, incluídos os referidos á tramitación das actuacións que nel foron requiridas do señor alcalde.

O señor presidente, don Juan González Leirós, manifesta que estes rogos serán contestados por escrito.

Preguntas de EU-Son en Común

En relación co mail do concelleiro de Educación respondendo a un rogo formulado no pleno de xullo 2020, indícasenos que as actuacións levadas a cabo pola Concellería de Educación respecto das medidas adoptadas de cara á adaptación dos protocolos existentes e mesmo dos non existentes, para colaborar e garantir no ámbito das súas competencias un inicio de curso escolar o máis seguro posible, son as seguintes:

“Temos intentado contactar en distintas ocasións coa xefatura territorial de Educación, a día de hoxe non obtivemos resposta.”

1ª pregunta. Poden informarnos de cales foron os intentos de comunicación con concreción de data, horario e medio de contacto ata o día de hoxe?

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, contesta que dende a súa Concellería remitiron á Xefatura Territorial dous correos electrónicos con datas de 17 e de 23 de xuño, respectivamente, sen que a día de hoxe se obtivera resposta. Así mesmo, di que se realizaron varias chamadas e que sempre se lles contestou que serían devoltas, pero que a día de hoxe seguen á espera.

“Contactouse coas direccións dos centros educativos, e membros da comunidade educativa para coñecer as súas necesidades e así mediante unha actuación coordinada, poder facilitar a aplicación do protocolo da mellor maneira posible.”

2ª pregunta. Poden indicarnos cal foi a respostas de cada un dos centros educativos e membros da comunidade educativa con concreción das súas necesidades e coordinación que se vai realizar?

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, contesta que case todos os centros teñen os mesmos problemas: necesitan espazos, protocolos de entrada e saída, reforzo do servizo de limpeza e desinfección, etc. Engade que tamén existen dúbidas sobre que Administración debe facilitarlles o material hixiénico sanitario necesario.

3ª Ante a resposta negativa e rotunda do concelleiro de Urbanismo á pregunta de EU Cambre no pleno de xullo de 2020: *“A fronte da parcela onde está situada a Casa da Cultura atópase urbanizada na súa totalidade de acordo co proxecto de urbanización?”*

Pódese abrir e poñer a disposición dos usuarios e usuarias da nova biblioteca da Casa da Cultura, sen ter urbanizado a fronte da parcela de acordo co proxecto de urbanización?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que a biblioteca reúne todas as condicións, que xa lle contestou ao PP sobre este tema e dou por sentado que a resposta lle chegara a todos pero que o comprobará.